



**PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS - CONTRATACIÓN DO  
SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DAS INSTALACIÓN S E  
DEPENDENCIAS DA FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE VIGO  
(IFEVI)**

**Maio 2025**



## **CONDICIÓNS TÉCNICAS DO SERVIZO DE SEGURIDADE**

### **1.1 Unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato e responsable do contrato.**

De acordo co artigo 62.1 LCSP, a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato e o responsable do contrato será a Xerencia do IFEVI.

### **1.2 Coordinador do Servizo.**

O contratista designará un coordinador do servizo que desempeñará as funcións de coordinador e supervisor dos servizos que se van prestar, que estará localizable os 365 días do ano e as 24 horas do día, e informará ao responsable do Contrato sobre a situación e estado de:

- Organización de recursos tanto humanos como materiais.
- Anomalías, incidentes e informes.
- Proposición de accións correctoras.
- Calquera outra información requirida desde o IFEVI.

Independentemente do informe do Coordinador do Servizo, o IFEVI porá en coñecemento do adxudicatario as deficiencias observadas, indicando as medidas que, ó seu xuízo, deben ser adoptadas, as cales deberán ser establecidas polo contratista.

En todo caso, é unha obriga esencial que asume a empresa de seguridade prestadora do servizo a de designar un representante dela que estará presente no recinto feiral durante todos os días de celebración de eventos, e nos días en que se realicen as tarefas de montaxe e desmontaxe.

### **1.3 Dotación de ferramentas e medios necesarios para a realización do servizo.**

Tódolos medios materiais para a correcta execución dos servizos obxecto de contratación serán por conta do adxudicatario. En caso de ser necesarios, para os instrumentos de defensa e difusión que porten os integrantes do cadro do persoal do adxudicatario estarase ao disposto na lexislación vixente en cada momento.

A empresa adxudicataria dotará ao persoal que preste o servizo cun equipo de comunicación portátil, igual que lanternas, debendo tamén facer provisión dos recambios e dos equipamentos de reserva suficientes para a non interrupción do servizo. Así mesmo, estará obrigada a facilitarlle ao persoal do servizo toda a

infraestrutura e o material de escritorio e papelería necesario para a elaboración e arquivo dos partes de servizo, informes e demais actos derivados do mesmo

#### **1.4 Notificacións.**

O Coordinador do Servizo notificaralle puntualmente ao IFEVI de calquera incidencia ou actuación de terceiros nas instalacións e dependencias que non lles fose comunicada previamente.

#### **1.5 Disponibilidade de medios humanos**

O adxudicatario porá á disposición do servizo os medios persoais adecuados para garantir a máxima calidade na execución do contrato, de acordo co persoal comprometido na súa proposta técnica (Plan de vixilancia e seguridade).

O adxudicatario deberá respectar na execución do contrato as prescricións establecidas na lexislación vixente en materia de seguridade privada para a realización do servizo.

O adxudicatario velará e responderá da titulación profesional e conducta do persoal destinado á execución do contrato.

O persoal destinado á execución do contrato deberá confeccionar un parte diario de instalacións e control de presenza e visitas dentro do recinto do IFEVI, que será posto á disposición do Responsable do Contrato.

En canto á remisión de informes, o adxudicatario deberalle remitir ao IFEVI, a través do Responsable do Contrato, como mínimo os seguintes:

- Parte diario de visitantes (control de accesos).
- Parte diario de avarías ou necesidades urxentes.
- Listaxe mensual de actividades de cada un dos servizos.
- Trimestralmente, proposta de mellora de cada un dos servizos.

#### **1.6 Implantación dun sistema de localización.**

É obriga do adxudicatario dotar ao coordinador do servizo dun sistema de comunicación por telefonía móbil de modo que en todo momento poida estar localizado.

#### **1.7 Instalacións para uso do adxudicatario.**

O IFEVI porá á disposición do adxudicatario un lugar de control xeral das instalacións para a prestación do servizo de seguridade e vixilancia, dentro das

instalacións e dependencias do IFEVI. O adxudicatario será o responsable da conservación e mantemento deste. En todo caso, poderáselle esixir ao adxudicatario a inmediata reposición do material inventariado e, no suposto de que non o fixese, farao o IFEVI ó seu cargo.

O IFEVI porá á disposición do adxudicatario un local de vestiario para o persoal e aseos convenientemente equipados. Unha vez rematado o contrato os ditos locais e instalacións deberán ser entregados ao IFEVI en perfectas condicións, sendo responsable o adxudicatario dos desperfectos ocasionados nos mesmos, que non sexan debidos ao seu normal uso.

Os locais que o IFEVI poña eventualmente á disposición do adxudicatario poderán ser utilizados polo seu persoal, aínda que en ningún caso adquirirá dereito ningún sobre eles, debendo abandonalos en perfecto estado de uso e conservación o día no que se teña por finalizado este contrato.

## **1.8 Alcance do servizo.**

### **1.8.1 Servizo ordinario e permanente de seguridade e vixilancia**

O servizo ordinario e permanente de seguridade e vixilancia das instalacións e dependencias do IFEVI prestarase todos os días do ano (365 días) por persoal nas condicións e equipamentos legalmente admitidos, situado en calquera dos postos que designe o IFEVI, e será realizado durante as 24 horas do día.

As condicións mínimas do servizo que se vaian realizar caracterízanse polos aspectos seguintes:

- Apertura e peche das instalacións e dependencias.
- Control de entradas e saídas de persoal e mercadorías (efectuando, se fose necesario, o seu control de identidade).
- Custodia de chaves e entrega delas ás persoas autorizadas e que así se determinen, logo de autorización por escrito, e durante os horarios que se establezan.
- En xeral, a vixilancia e seguridade activa dos bens, con atención ao estado xeral das instalacións.
- Vixilancia e control a través do sistema de cámaras e monitores das instalacións.
- Comprobación do estado e funcionamento das instalacións de seguridade para a prevención de delitos e faltas.

- Transmisión da información e instrucións referentes ás situacións advertidas polos citados sistemas de seguridade. Elaboración dos pertinentes partes.
- En caso de incidencias ou alarmas, dar parte ao persoal encargado que se indique, e actuar de acordo coas instrucións correspondentes, plans de emerxencia, evacuación, etc. existente ou outros que se implanten.
- Intervención en supostos de actos vandálicos, roubos, furtos, intrusión, etc., e posta en coñecemento das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado de tales feitos. Prestar toda a colaboración que sexa necesaria ás citadas Forzas e Corpos, de acordo co establecido na lexislación vixente.
- Atención telefónica, se fose preciso.
- En xeral, calquera outra función relacionada co servizo que poida ser encomendadas polo IFEVI.

O alcance do servizo anteriormente descrito configúrase como mínimo esixible, polo que os licitadores poderán completa-las prestacións nas súas ofertas técnicas como parte integrante do Plan de vixilancia e seguridade e das melloras propostas.

#### 1.8.2 Servizo extraordinario e eventual de seguridade e vixilancia

Este procedemento licitatorio tamén ten por obxecto a selección do provedor do servizo extraordinario e eventual de seguridade e vixilancia para os eventos e certames que se celebren no recinto feiral durante a vixencia do contrato e que requiran da ampliación do servizo ordinario.

Estas necesidades (número de efectivos e categoría ou tipoloxía de profesional – vixilante e/ou auxiliar-controlador-; datas e horarios estimados para a prestación de tales servizos extraordinarios con motivo de certames; etc.) serán comunicadas con antelación suficiente ó contratista para que poida organizar o servizo de forma adecuada, que será adicional e complementario ó servizo ordinario e permanente de seguridade e vixilancia, sen que este último poida sufrir ningún tipo de variación, alteración nin minoración de efectivos.

Polo tanto, a prestación deste servizo extraordinario dependerá das necesidades que poidan xurdir e decidir os organizadores e promotores dos certames que se celebren no recinto feiral durante a vixencia deste contrato, sen que a adxudicación deste garante en ningún modo un volume mínimo de horas de traballo para o devandito servizo extraordinario.

O alcance de funcións e tarefas deste servizo extraordinario virá determinado polo tipo de profesional que en cada caso (certame) se precise.

## **1.9 Medios persoais**

O adxudicatario deberá pór á disposición do IFEVI o persoal comprometido na oferta.

O servizo ordinario e permanente de seguridade (24 horas/365 días) e o extraordinario que se precise prestarase por vixilantes de seguridade e/ou auxiliares-controladores que reúnan tódolos requisitos necesarios para o desempeño das súas funcións, en canto á titulación, licenza, uniformidade e formación, con especial suxeición ó disposto na Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada, o seu regulamento e demais disposicións que a desenvolven, en todo o que resulte de aplicación.

A oferta incluírá unha relación dos traballadores que o licitador considere necesarios para o desenvolvemento dos traballos e a satisfacción das necesidades do IFEVI, así como a súa distribución horaria, conforme o establecido neste prego.

En caso de cambios na relación de traballadores, o adxudicatario deberalle comunicar ao Responsable do Contrato coa antelación suficiente. Así mesmo, comprométese a cambiar aquelas operarios que, de forma xustificada, solicite o IFEVI.